

*Que é un cogomelo?*



Os cogomelos non pertencen ao reino animal e tampouco ao vexetal, ao non realizar a función clorofílica, indispensable para formar parte desde último apartado. Despois de non pouca polémica científica, os fungos quedaron encadrados no Mundo dos Fungos, un reino á parte, pois o afán duns científicos e as investigacións doutros trataron de situalos alternativamente no mundo animal e vexetal. Ademais, os fungos non poden absorber sales minerais do chan, e a súa maneira de alimentación é a base de restos orgánicos ou materia elaborada. Por este motivo os fungos podemos definilos ou clasificalos como parasitos, simbióticos ou saprófitos. Nos tres apartados podemos atopar cogomelos comestibles e beneficiosos para a saúde humana.

Establecendo a ficción de que unha árbore froiteira é igual a un fungo, provisto o primeiro de raíz, pólas, follas e froitos, o cogomelo é ao fungo como a flor ao froito na froiteira, é dicir, unha pequena pero moi importante parte, pois é o lugar onde atopamos o órgano reprodutor.

Por dicilo dun xeito coloquial, atopámonos rodeados de fungos, convivimos con eles diariamente. Fungos son os lévedos do pan, o *Penicillium notatum* (penicilina), ou as coñecidas enfermidades de cultivos como a mera ou o oídio.

Na reprodución dos carpóforos, que son os cogomelos que recollemos, e que son unha pequena parte do fungo, prodúcense miles de esporas que finalmente xerminan e dan lugar a unha especie de fíos chamados hifas. A medida que van crescendo forman o micelio, que en condicións favorables do outono e menos na primavera, dá lugar aos cogomelos. Estes, unha vez que rematan o seu crecemento, producen as esporas de novo, e volve comezar o ciclo.

